

Ecós da néboa (Trifolium) de Ricardo Martínez-Conde

Publicado por [Redacción](#)

O filósofo viaxa a pé, dicía o pensador grego Pitágoras de Samos. Vivimos tan rápido que ás veces nos esquecemos ata de mirar. Por sorte, é de agradecer a autores como Ricardo Martínez-Conde que publiquen libros como este *Ecós da néboa*, editado recentemente por Trifolium. Libros que nos frean en seco no *maremagnum* vertixinoso no que mergullamos todos os días.

Martínez-Conde preséntanos un novo libro de aforismos, xénero pouco cultivado nas nosas letras; e velaquí onde o poeta, o filósofo, o camiñante únense para compartir co lector, en silencioso diálogo, la experiencia de observar. Porque o autor sanxenxino viaxe a pé, e detense a mirar dende atalaia privilexiada e alerta.

Gocemos devagar deste *Ecós da néboa*, remanso nese torrente que é a vida.

Expresar o pensamento, a reflexión, a observación é común á idiosincrasia galega. Sen embargo, a súa representación literaria non é doada de atopar, máis aínda se falamos dunha exteriorización aforística.

Nalgunha ocasión, falando con Anxo Tarrío, témolo comentado; é certo que literariamente non está moi presente a expresión aforística nas nosas letras, tal como indicas. A pesares de que a nosa literatura adoece de ensaio, o paisano galego é moi

sentencioso e tendente a empregar esas verdades resumidas que ás veces pode mesturarse co refrán. Eu, como escritor, procuro pulir esa tradición para darlle a intención de aforismo. Emporiso, hai que ter en conta que o aforismo vai máis alá e esixe ser unha construción racional moi coidada. Nese senso en Galicia coido habería que citar ineludiblemente a autores como Dieste, Celestino Fernández de la Vega ou incluso estaría tamén implícito -aínda que revestido do seu xeito fantasioso- o propio Álvaro Cunqueiro. Cunqueiro di moitas verdades breves, o que fai que ás veces non sexa doado lerlle, porque engalana con poucas palabras: outro fundamento para o aforismo.

Como vén de dicir, o aforismo, por mor da súa estrutura estética permite ao autor, en poucas palabras, dicir e calar. A vostede, con máis dunha quincena de títulos as costas, que é o que lle aporta o aforismo?

Eu considero que todas as polas da literatura están conexas entre si, ao xeito da teoría do arquipélago de Chiloé: cada xénero é unha illa pero todas fan un conxunto de illas. Están conectadas entre si, enriquecendo un modo de expresión, de dicir e pensar.

O aforismo está relacionado coa poesía, pero tamén co haiku. Logo hai teorías a propósito do que sería o aforismo ou a brevidade, como a que di: "Nada é verdadeiro, pero podería sê-lo", velaí unha especie de definición para quen queira entender. Toda expresión literaria é comunicación, por iso é importante que a mensaxe chegue. Ás veces pode existir o medo de que ao transmitir con poucas palabras a mensaxe non calle, pero, como toda comunicación, a participación do lector ou interlocutor é imprescindible. Nese sentido o autor di e o lector complementa, re-crea. Sobre isto referíase Edmond Jabés, quen sinalaba que "todo lector é o elixido por un libro". Iso é moi importante.

Poderíamos afirmar que hoxe en día o lector habituouse á brevidade, a un auxe da microliteratura, quizabes por mor do inmediato que goberna as nosas vidas.

Creo que poderíamos atopar unha verdade respecto a iso. Téndese á brevidade cuantitativa pero expresivamente vaise máis alá. O aforismo implica unha experiencia. Se alguén di “Eu teño unha casa de pedra” a mensaxe queda dita; sen embargo, se outro comenta “Na mañá só a miña sombra” a mensaxe transcende o número de palabras. As dúas componse do mesmo número pero non é o mesmo. Hai diferenza.

Un dos mellores exemplos que se poden comentar é Pessoa. O portugués é poeta pero dos seus libros despréndense moitos aforismos. En certo modo é continuador dos grandes aforistas franceses, como Joseph Joubert ou François de La Rochefoucauld, e entronca directamente coa filosofía, non só con Nietzsche, senón con autores actuais como o italiano Guido Ceronetti, un autor verdadeiramente interesante. Outro nome a ter en conta é o de Elías Canetti. Son todos autores que se moven nas áreas da novela, da filosofía, que inculcan un valor poético á súa obra e fan que as palabras aumenten o significado desas escasas palabras empregadas.

Como medra un libro de aforismos?

Cada individuo é un mosaico, construído de teselas. Logo observarás mosaicos que non pagan a pena mirar e outros que son verdadeiras perfeccións.

No aforismo a idea de comunicación é moi importante. Dalgún xeito o aforista sempre está desperto. Calquera circunstancia pódelle levar a construír un pensamento, unha vivencia, a manifestar un baleiro; non é só dicir, o aforismo supón un xeito de pensar deliberado, ante o cal o lector non pode permanecer alleo. Cando les un bo libro de aforismos éche imposible volver saír á rúa e observar do mesmo xeito o que acontece ao teu redor.

Pervive o que é dubidado. Perpetúa en Ecos da néboa ese sentimento perenne de especulación racional e consciente.

Racional, consciente e eu engadiría construtiva. Non me lembro moi ben se era Cioran quen dicía que “Eu só estou seguro dunha cousa, das miñas dúbidas”; pero cada dúbida é como ir cubrindo ese oco da grande dúbida, da esencial, a que supón ese oco existente entre o home e o seu sentido de transcendencia, o seu valor *relixioso*. Logo a intelixencia do individuo lévanos á contradición, onde todo semella claro pero logo non hai xeito de xuntar as pezas. É un desasosego perenne (outra vez Pessoa) onde, mentres algúns procuran obviar para se dedicar a cuestións máis frívolas ou inmediatas, outros buscan a súa utilidade, para ver se nos axudan a ter un pouco de sosego, pero sobre todo para desenvolver a capacidade de entender, coa finalidade de que as cousas non nos sexan estrañas, a propia paisaxe nos sexa estraña. Coñecer a ese Outro filosófico e entender cales son os fíos que nos unen a el.

Estamos ante uns aforismos que teñen máis de diálogo que de axioma. Debe de ser apotegmático o aforismo ou pola contra ha ser un convite á reflexión solitaria do lector?

Indubidablemente non é unha sentenza. Non é dicirlle a ninguén nin como son as cousas nin como debe enfrontarse a elas. Quen lea a modo decatarse de que realmente se está a xerar unha pregunta, unha dúbida. Incluso a algúns aforismos lles fallaría unha parte complementaria que sería: “E a ti que te parece?”.

Eu me quedaría, sen dúbida, nun convite ao diálogo; e coido que todos os aforistas partillan desa opinión. Peter Handke non fai máis nos seus libros de aforismos que amosar a ese camiñante que, en observación perpetua, vaise sorprendendo das cousas que o arrodean e maniféstao dende si mesmo para asumir esa

responsabilidade, pero facendo unha formulación ao Outro: Todos somos camiñantes e sentimos curiosidade (ou deberíamos, engadiría eu).

O principio é a noite.

De que é fronteira a noite?

A noite é fronteira do día, e o día é fronteira da noite. Nese xogo entraríamos na dialéctica, que á súa vez sería o resultado dun aforismo. Beckett dicía que “a perfección é o silencio”. Deixar as palabras é achegarse a ese silencio. A noite é unha invitación ao silencio, pero ao silencio cara fora; no silencio as palabras interiorízanse. Polo tanto noite e día son complementarios; serían, en certa medida, o aforista e o lector.

A observación, silenciosa e reflexiva, é un dos elementos característicos de toda a súa obra, especialmente no eido poético e no haiku. Faise necesaria unha educación da mirada?

Hai quen define a cultura como un exercicio da curiosidade. Entón, nese senso, a curiosidade pode propiciar o coñecemento.

O aforista (e o autor) realiza unha viaxe de ida e volta. Observa e interioriza. Quizabes o que se lle pide a un autor é que teña os elementos de interpretación, non só que observe, senón que interprete, que transmita con palabra un discurso ordenado, e que ese discurso se presente aberto, que chegue o máis sinxelamente ao lector.

O tempo debilita e fortalece: *Non esperedes comprensión do tempo, dicía, non é o seu cometido. Que función ten o paso do tempo, dende unha perspectiva metafórica (ou non), na súa obra?*

Case todas as miñas obras xorden de preguntas, aínda que logo a transmisión literaria sexa dun xeito ou doutro. No ano 99 publiquei un traballo na Revista de Cuadernos Hispanoamericanos cuxo título era "El aforismo o la formulación de la duda", a grande virtude do tempo como significado é que precisamente o tempo é a grande pregunta: "Que é o Tempo?" Aínda que outros, máis egoistamente, formulen esa mesma pregunta doutro xeito: "Que vai ser de nós?" Segundo se diga dunha forma ou outra, á hora de traspasar esa dúbida ao lector, este poida que chegue asumila e facela súa. A fin de contas, de que estamos feitos senón de Tempo?

Velaí como o Tempo é a gran pregunta e o motor das outras preguntas, ben sexan estas de carácter relixioso, amatorias, sociolóxicas...

Filosofía e poética. Velaí un choque entre razón e paixón.

Esa hipótese é un pouco falsa. A filosofía nace das preguntas; e sobre todo das dúbidas. A poesía non deixa de ser (ou manifestar) unha situación emocional, pero como diría Carlos Fuentes a propósito do sentido da liberdade, non é unha cousa á que se chega, senón á que se tende.

O poeta tende a unha idea de beleza, que logo cadaquén reinterpreta ao seu xeito. Iso significa un exercicio de formulación, de observación, que non está só na linguaxe, na elección das palabras, senón no valor que se lles outorga; que valor dar a esas palabras para que o outro se emocione e entenda. Iso sería filosofía (ou sería poesía?).

Santiago de Compostela. Agosto, 2012